

LISTAXES DEFINITIVAS ADMITIDOS. ESCOLAS INFANTÍS- CONVOCATORIA CURSO 2026-2027

NOTA IMPORTANTE:

Segundo as Bases reguladoras do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na rede de escolas infantís municipais (REIM) para o curso 2026-2027:

A **matrícula** será xestionada por cada unha das escolas da REIM **do 1 ao 10 de xullo**

A persoa solicitante admitida deberase dirixir á escola asignada e presentar a seguinte documentación:

- Carta sanitaria do/a neno/a.
- Carta de vacinas da/o nena/o.
- De ser o caso, informe médico sobre alerxias ou intolerancias.
- Calquera outra documentación que a escola requira en función das circunstancias particulares de cada caso.

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación, así como a formalización da matrícula no prazo sinalado, son imprescindibles para confirmar a praza.

A adxudicación dunha praza nunha escola infantil solicitada (sexa de 1º ou 2º opción) implica a súa aceptación, salvo renuncia expresa.

Según o artigo 3.6 de criterios de asignación de prazas, en caso de **renuncia expresa** á praza obtida, esta deberá presentarse por rexistro electrónico do concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>), ou presencialmente en calquera dos rexistros físicos do Concello, ou por calquera outro medio dos establecidos no artigo 16 da Ley 39/2015 do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Cómún das Administracións Públicas, no prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte ao que se publique esta listaxe definitiva (**1 ao 3 de xullo**).

No caso de renuncia pode solicitar entrar na lista de agarda (sempre que se solicitara unha segunda escola) dacordo a súa puntuación. No caso contrario, **de non solicitalo**, ofertaráselle a praza renunciada á seguinte persoa solicitante en **lista de agarda única** por rigorosa orde de puntuación.

Os solicitantes de praza nados despois do 4 de xuño de 2026 (que aparecen excluídos por non ter a idade mínima de 3 meses o día de comezo do curso escolar) poderán presentar unha nova solicitude *por circunstancias excepcionais*, incorporándose ao listado na orde e na puntuación que corresponda.